



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 3 DE MARZO DE 2016</b>
<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
<b>TIPO DE SESIÓN:</b> ORDINARIA <b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO  
Concelleiro do PSdeG-PSOE  
DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
D. LUIS RENDO ARAUJO  
Concelleiro  
D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA  
Concelleiro  
D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ  
Concelleiro  
DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS  
Concelleira  
GRUPO MÓVETE  
DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS  
Concelleira  
GRUPO BNG  
D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
Concelleiro  
SECRETARIA  
DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas corenta minutos do día tres de marzo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, e antes de iniciar o debate, o Sr. Alcalde-Presidente da a benvida a todos os asistentes á sesión plenaria e de seguido dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**  
\*\*\*\*\*

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 11 DE XANEIRO DE 2016.** Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión plenaria do 11 de xaneiro de 2016, advírtese dun erro na transcripción da votación do punto B) dos de fóra da Orde do Día, propoñendo a súa corrección, de xeito que

Onde di:

"Non habendo intervención procedese á votación deste asunto, adoptándose polo votos a favor do Partido Popular e en contra do PSdeG-PSOE, BNG E MÓVETE, o seguinte ACORDO:"

Debe dicir:

"Non habendo intervención procedese á votación deste asunto, adoptándose polo votos a favor do Partido Popular, a abstención do PSdeG-PSOE e en contra de BNG E MÓVETE, o seguinte ACORDO:"

Apróbbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 11 de xaneiro de 2016, previa corrección do erro detallado anteriormente, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 10 DE FEBREIRO DE 2016.** Apróbbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 10 de febreiro de 2016, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVA Á PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA SOBRE CONVENIOS EN MATERIA DE RECADACIÓN EXECUTIVA (XUNTA DE GALICIA E DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA).**

Dada conta deste asunto, o Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, D. Alberto Blanco Carracedo.

O Sr. Alberto Blanco comeza a súa intervención dicindo que, dende o ano 2012, o Concello da Estrada tiña un Convenio coa Xunta de Galicia para o cobramento en executiva dos impostos e taxas non satisfeitos en período voluntario; posteriormente, no ano 2014 delégase no ORAL as facultades de xestión, inspección, recadación, liquidación e revisión administrativa de todos os seus impostos e maior parte das taxas fiscais, segundo Convenio de colaboración asinado con data 07/03/2014. Sen embargo, aínda hai algunhas taxas (gardería, axuda no fogar...) e canones que segue levando a Xunta de Galicia, e, polo motivo de centralizar todas as actuacións da recadación municipal nun único organismo, a Tesourería municipal propón que se delegase as funcións, ata agora realizadas pola Xunta de Galicia, no ORAL. E, aclara o Sr. Blanco, que para facer esta actuación é necesario unha declaración manifesta.

Toma a palabra a Concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Belén Louzao, dicindo que, de acordo coa nota aclaratoria facilitada polo Sr. Tesourería o 26/02/2016, se recomenda esta actuación, estando de acordo coa proposta, xa que manter dous Convenios para o mesmo traballo recadatorio supón un maior gasto para o Concello e, ao respecto, di que lle gustaría saber que, durante o tempo que estivo vixente o Convenio coa Xunta, cal foi a cantidade recadatoria e canto gasto supuxo para as arcas municipais, polo que roga que se lles facilite esa información. Continúa manifestando o apoio do seu grupo político a esta proposta de unificar no ORAL todos os traballos recadatorios e evitar así o gasto que supón dous programas informáticos e un dobre gasto.

Solicita a Sra. Belén Louzao unha maior precisión na proposta do Concelleiro de Facenda, xa que se fala de ceder os ingresos de dereito público que se atopan pendentes de cobramento na Tesourería de maneira xenérica, e considera que se debería detallar de maneira concreta cales son os impostos e taxas que se ceden ao ORAL.

Intervén a Concelleira do grupo municipal de MÓVETE, Sra. Mar Blanco, maniestando que o seu grupo político considera que os traballos de recadación debería ser levados polo propio Concello a pesares de que son conscientes de que

non é doado reorganizar o persoal para a realización efectiva destas funcións, sen embargo se traduciría nun aforro económico para as arcas municipais, polo que se absterán na votación. Continúa dicindo que xa sabe que aquí non se debate a recuperación da recadación municipal, pero lle gustaría que este tema se tratase durante a actual lexislatura.

Toma a palabra o Concelleiro do grupo municipal do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para facer fincapé en dúas cuestións; a primeira é apoiar o dito pola voceira do grupo de MÓVETE, sobre que a recadación municipal fóra levada novamente polo propio Concello (o que sempre defenderon), e por esta razón vanse a abster na votación. Recorda que na Comisión Informativa se falaba de que había que denunciar o Convenio asinado coa Xunta de Galicia con seis meses de antelación, non quedando claro que ía a acontecer durante ese período, polo que pide unha resposta do grupo de goberno.

Responde o **Sr. Alberto Blanco** que, segundo di a Tesourería municipal, que unha vez rematado o tempo de vixencia do Convenio coa Xunta e non se manifesta a súa prórroga este quedaría sen efecto.

Tamén aproveita para contestar ao grupo municipal socialista que as remesas que se enviaron á Xunta están no expediente, acompañando a nota aclaratoria do Sr. Tesoureiro. No que respecta a detallar na proposta as taxas que se pasan ao ORAL xa se fará na sinatura do correspondente Convenio, porque a proposta de acordo é facultar ao Alcalde para a sinatura do mesmo.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose por maioría (cos votos a favor do PP e PSdeG-PSOE, e as abstencións de MÓVETE e BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 18/02/2016.

Vistos os acordos plenarios previos polos que este Concello procedeu a delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades de xestión, inspección, recadación, liquidación e revisión administrativa de todos os seus impostos e maior parte das taxas fiscais, segundo Convenio de colaboración asinado con data 07/03/2014.

Visto que este Concello ten asinado con data 10/01/2012 Convenio de colaboración en materia de recadación executiva coa Xunta de Galicia, se ben, á vista de que derivada da delegación da Deputación Provincial, son moi escasos os recursos para os que é precisa a colaboración da Xunta de Galicia no cobramento en período executivo.

Visto que, para unha maior efectividade recadatoria e simplificación administrativa, parece máis oportuno que todos os impagos que se poidan producir en período voluntario sexan xestionados por un único colaborador.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal, asinada con data 18/02/2016.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 24/02/2016.

### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Denunciar o Convenio de colaboración en materia de recadación executiva fóra do territorio do Concello da Estrada asinado coa Consellería de Facenda en data 10 de xaneiro de 2012 (acordo plenario do 7 de abril de 2012), ao abeiro da cláusula 10ª do propio Convenio.

**Segundo.-** Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra – ORAL (de acordo co disposto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación), as facultades de recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público que se atopen pendentes de cobramento na Tesourería do Concello, asumindo a Deputación Provincial de Pontevedra a competencia para ditar os actos correspondentes á

competencias delegadas, incluída a emisión da correspondente providencia de prema, así como os medios de revisión tributarios.

**Terceiro.-** Ambas as dúas partes conveñen cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, fundamentalmente o disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas na Deputación Provincial de Pontevedra.

O Concello deberá de prestar a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos: a localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ao pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal, a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades; poñer a disposición dos Servizos Tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen a Lei Orgánica 15/1999, do 13 e decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e as normas que a desenvolven; así como a exposición pública no Taboleiro de Anuncios do Concello e outros lugares de costume dos editos que se diten no exercicio das competencias delegadas.

A Deputación Provincial de Pontevedra porá a disposición do Concello os medios necesarios para o subministro da colaboración e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo á súa disposición información sobre a situación dos recursos xestionados.

A representación e defensa polos Letrados do ORAL (Deputación Provincial de Pontevedra) nos procesos xudiciais consecuencia do exercicio das facultades delegadas ou encomendadas será gratuíta para as entidades delegantes ou encomendantes. Os gastos de Procurador, cando fora necesario, será asumidos polo ORAL (Deputación Provincial de Pontevedra). O importe da condena en costas das partes contrarias nun proceso constituirán un ingreso na Tesourería da Deputación de Pontevedra (ORAL). En caso de condena en costas do ORAL (Deputación Provincial de Pontevedra), o importe da minuta será asumida pola Deputación, salvo que a condena en costas fose consecuencia da sentenza desfavorable que teña a súa orixe en trámites, accións ou omisións causadas pola entidade delegante ou encomendante, suposto no que será asumido por dita entidade.

**Cuarto.-** A delegación sométese ás condicións establecidas nas Bases para a prestación do servizo, aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra en data 20/07/1992, na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, aprobada polo Pleno da mesma Deputación o 31/10/2014, a Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) aprobada polo Pleno da Deputación Provincial en data 22/02/2013, e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

**Quinto.-** Facúltase á Alcaldía municipal para que, en nome e representación do Concello, formalice o correspondente Convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra, así como os demais documentos que procedan.

**4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO RELATIVA AO ESTABLECEMENTO DE SECTORES PRIORITARIOS PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATACIÓNS DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL OU NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS DURANTE O ANO 2016.**

Inicia as intervencións o Concelleiro de Facenda, **Sr. Alberto Blanco**, para explicar este punto, deste xeito di que, tal como se establece la Lei de Presupostos do Estado, existe a posibilidade de cubrir prazas temporalmente e en interinidade en casos de urxente necesidade e coa debida motivación, pero, añade, que existe un requisito consistente en que cada Concello debe de facer

unha relación dos sectores prioritarios e, ao igual que nos dous anos anteriores, se presenta nesta sesión una proposta sobre os sectores prioritarios a efectos de contratación temporal e interina, basándose nos servizos que son de obrigado cumprimento en concellos de máis de 20.000 habitantes, deste xeito se propón como tales Cultura, Urbanismo (debido a carga de traballo deste departamento pola entrada en vigor do PXOM e a baixa dun arquitecto e posible baixa doutro), accesos aos núcleos de poboación, pavimentación vías públicas, Biblioteca pública municipal, tratamento de residuos, Protección Civil, prestación de servizos sociais, prevención e extinción de incendios, desbroces, instalacións deportivas de uso pública, seguridade cidadá, Secretaría, Intervención e Tesourería.

Toma a palabra a Concelleira **Dna. Belén Louzao** dicindo que, unha vez máis, no comparten a postura do grupo de goberno xa que considera que o que pretende facer é unha perversión da Lei, xa que, efectivamente, a Lei faculta aos Concellos decidir cales son os seus sectores prioritarios para que excepcionalmente e por urxencia poidan facer contratacións temporais ou interinidades co gallo de manter os seus servizos, sen embargo, manifesta que nesta proposta se están considerando prioritarios o cen por cen dos servizos deste Concello e, abalándose en informes que acompañan á proposta, servizo público esencial non é sinónimo de prioritario, polo tanto o seu grupo político non comparte que se consideren prioritarios todos, convertindo a excepción en normal xeral e, despois, se intente xustificar as contratacións cunha memoria que normalmente van informadas en contra. Ante o anterior pide que se debe definir os sectores prioritarios de maneira máis concreta e non incluír todos e deste xeito axustarse á Lei. Polo dito manifesta que o seu grupo absterase nesta votación.

Intervén a **Sra. Mar Blanco** para dicir que coinciden co argumento do grupo socialista, xa que cando se fai contratacións temporais ou de funcionarios interinos se basa en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxente e inaprazables e, polo tanto, deben restrinxirse os sectores prioritarios e facerse esa relación de maneira razoada e tendo en conta o grao de necesidade de cada servizo así como os efectos dos mesmos nos cidadáns e usuarios. E, ao considerar que aquí non se fixo ese estudo prioritario, incluíndose a práctica totalidade de todos os servizos, non van a apoiar esta proposta.

A continuación intervén o **Sr. Xosé Magariños** o cal manifesta a súa disconformidade de como o goberno do Estado se inmiscúe nas funcións das administracións locais, como se estas foran as responsabeis da situación da crise económica que se está a vivir, cando son estas ás que mellor xestionan os seus recursos comparándoas con determinados Ministerios, polo que non está de acordo coa limitación dos Concellos para a contratación de persoal. Recorda que esta medida foi aprobada polo grupo popular na anterior lexislatura para escapar da prohibición, pero sin facer bo uso dela, poñendo como exemplo o que pasou na Biblioteca municipal, xa que non se contratou a ninguén que servira de axuda para o traslado da mesma as súas novas instalacións co respectivo arquivo dos libros o que ocasionou que, a día de hoxe, aínda non está funcionando ao cen por cen. Dí que se trata de una decisión xusta que ven dunha norma inxusta do Estado, pero considera que non se fai a facer un bo uso dela, por esta razón vai a absterse na votación.

Retoma a palabra o **Sr. Alberto Blanco** para aclarar que a excepcionalidade non é nos sectores prioritarios, senón que esta se produce nas contratacións posteriores, as cales terán carácter urxente e inaprazable. Aclara que outro requisito para efectuar a contratación e que esté incluída dentro dun dos sectores recollidos como prioritarios. En conclusión di que primeiro se establecen os sectores prioritarios e despois xa se decidirá a excepcionalidade e urxencia da contratación respectiva, aclarando que canta máis ampla sexa a relación de sectores prioritarios máis posibilidades ten o Concello para facer contratacións que eviten a merma e deficiencia dos servizos públicos.

Por último, o **Sr. Alcalde** manifesta, que a proposta de sectores prioritarios que se propón aquí é esencial para a realización de contratacións,

pero eso non quere dicir que no seu momento ditas contratacións sexan posibles por causa de non poder xustificar a súa urxencia e necesidade e, polo tanto, existirían informes desfavorables da Intervención municipal.

Contestando ao Sr. Magariños di que, con respecto á Biblioteca, plantexouse no seu momento algunha contratación, pero dende a Intervención municipal non viron xustificable a necesidade e urxencia desta contratación.

Para finalizar, o Sr. Alcalde considera que con esta proposta o que se quere é, dentro da legalidade, anticiparse ás posibles necesidades municipais que requiran novas contratacións de persoal.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose por maioría (cos votos a favor do PP e as abstencións de PSdeG-PSOE, MÓVETE e BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a Memoria xustificativa de servizos públicos esenciais e prioritarios a efectos de contratacións de carácter temporal ou nomeamento de funcionarios interinos durante o ano 2016, asinada polo Sr. Alcalde con data 09/02/2016.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia asinada con data 10/02/2016.

Visto o informe da Secretaria Xeral de 12/02/2016.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal, asinada con data 17/02/2016.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización e Funcionamento, en sesión do 24/02/2016.

#### **ACORDAMOS:**

Declarar como sectores prioritarios e/ou básicos a efectos de proceder a contratación de carácter temporal ou nomeamento de funcionarios interinos os seguintes: accesos aos núcleos de poboación, pavimentación vías públicas, Biblioteca pública municipal, tratamento de residuos, Protección Civil, prestación de servizos sociais, prevención e extinción de incendios, desbroces, instalacións deportivas, Urbanismo, Cultura, seguridade cidadá, Secretaría, Intervención e Tesourería.

#### **5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO RELATIVA AO APOIO Á REBAIXA DA PEAXE DA AP-53, EN VIRTUDE DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO MUNICIPAL DE LALÍN.**

Inicia as intervencións o Concelleiro **D. Alberto Blanco** para explicar que, despois do acordo adoptado polo Pleno de Lalín e tendo en contra outros acordos plenarios adoptado polos Concellos de Santiago e Silleda, os membros da Comisión Informativa de Organización e Funcionamento chegaron a un acordo unánime para solicitar ao Ministerio de Fomento para que proceda a transferir a titularidade da autoestrada AP-53 á Xunta de Galicia, solicitar ao Ministerio de Fomento que, dentro do seu ámbito competencial, asuma o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da peaxe da AP-53; solicitar ao goberno da Xunta de Galicia que, dentro do seu ámbito competencial, asuma o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da AP-53; e, por último, reiterar a petición de mellorar o enlace da autoestrada á altura de Agar/A Rocha.

Intervén a Concelleira do PSdeG-PSOE, **Dña. Belén Louzao**, para manifestar que esta infraestrutura e os seus usuarios están sendo penalizados e, conseguintemente, coincide coa conveniencia de que se faga ese traspaso de titularidade da AP-53 e que se faga todo o posible para que se rebaixe o importe da peaxe. Así mesmo, basándose en repetidas peticións ao Pleno en anos anterior, está de acordo a que se arranxe e mellore o enlace da autoestrada sita en A Rocha. Finaliza manifestando o seu apoio ao Concello da Lalín e o seu voto a favor para a mellora desta infraestrutura.

A Concelleira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, di que o seu grupo vota a favor desta proposta.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o Acordo adoptado polo Pleno do Concello de Lalín en sesión do 07/01/2016, polo que se solicita ao Ministerio de Fomento que se proceda a transferir a titularidade da autoestrada AP-53 á Xunta de Galicia, así como solicitar tanto á Xunta de Galicia como ao propio Ministerio de Fomento que asuman o compromiso de realizar as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da peaxe da AP-53.

Visto que a rebaixa da peaxe da citada autoestrada suporía un beneficio para o interese dos estradendese usuarios da mesma.

Vista a proposta da Concellería de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, asinada con data 18/02/2016.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización e Funcionamento, en sesión celebrada o 24/02/2016.

#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Solicitar ao Ministerio de Fomento (endereço en Fernández Ladreda nº 43, 1º - 36003 Pontevedra) que proceda a transferir a titularidade da autoestrada AP-53 á Xunta de Galicia o antes posible.

**Segundo.-** Solicitar ao Ministerio de Fomento que, dentro do seu ámbito competencial, asuma o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da peaxe da AP-53.

**Terceiro.-** Solicitar ao goberno da Xunta de Galicia que, dentro do seu ámbito competencial, asuma o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da AP-53.

**Cuarto.-** Reiterar a petición do enlace da autoestrada á altura de Agar/A Rocha.

#### **6º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE, RELATIVA AO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE TERREO DEMANIAL RADICADO EN FIGUEROA DE ARRIBA, PARA A SÚA CUALIFICACIÓN COMO PARCELA SOBRANTE.**

O Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro delegado de Medio Rural, **D. Juan M. Costenla Carbón**, o cal pasa a explicar que o expediente que se trae a esta sesión para a súa aprobación se trata dunha desafectación da parcela onde está sita a antiga fosa séptica de Figueroa, cunha superficie de 899 metros cadrados e que os técnicos municipais valoraron con 22 euros por metro cadrado. Di que o primeiro paso que se deu foi a exposición pública e abrir o período de ofertas a todos os propietarios colindantes, interesándose por ela unicamente un deles, e, como consecuencia, se procede aos trámites necesarios para a venda desta parcela a este particular.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Medio Rural do 01/02/2016,



relativa á aprobación de desafectación de terreo demanial radicado en Figueroa de Arriba, para a súa cualificación como parcela sobrante; interesada por D. Manuel Fuentes Martínez.

Visto que, en data 25/02/2014, D. Manuel Fuentes Martínez solicitou a desafectación do terreo radicado onde se atopaba a fosa séptica de Figueroa de Arriba (ref. cat. 1872005NH4217S0001BB), para a súa posterior compra-venda como parcela sobrante, co obxecto de agregala á finca colindante da súa propiedade.

Visto o artigo 5 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, determinando que os bens demaniais son inalienables, de xeito que, espilos desta cualidade esixirá a tramitación dun expediente de alteración da súa cualificación xurídica acreditando a súa oportunidade e legalidade (artigo 8 RB e 269 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia - en adiante LALGA-).

Vista a oportunidade e o proveito para o Concello xustificada/o nos informes do Perito Agrícola Municipal que se citarán.

Visto que, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, aplicable ás Entidades Locais en virtude do consagrado no seu artigo 2.3 maila Disposición Final II, unha vez desafectado o ben demanial, o seu alleamento pode ter lugar mediante venda directa aos propietarios colindantes interesados, se aquel se houberse declarado parcela sobrante debido á súa reducida extensión, forma irregular ou emprazamento, ou debido a que non fose susceptible do uso axeitado (inaproveitable), como así semella motivalo o Perito Agrícola Municipal nos seus informes ( artigos 8 e 155 RB; 268 e 277 LALGA ).

Visto que, en data 05/02/2015 (completado/corrixido por outro de data 16/04/2015), o Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde) emitíu informe favorable, sinalando substancialmente que:

- a) se trata dun anaco que se pode considerar en desuso; non presta servizo; está totalmente inutilizado; pode considerarse parcela sobrante,... .
- b) o valor do terreo na zona estímase en 22,05 €/m<sup>2</sup>, co que a superficie de 899,00 m<sup>2</sup> supoñería un importe de 19.822,95 euros.
- c) determínanse as leiras colindantes, superficies, etc.

Visto que, dos informes elaborados polo Perito Agrícola Municipal, resultaría que o terreo público a desafectar e vender se identificaría coa seguinte referencia catastral e descripción (1872005NH4217S0001BB):

Superficie	Leiras colindantes
899,00 m <sup>2</sup>	-Norte, finca ref. cat. nº 1872006NH4217S0000TL/ finca rexistral nº 53.982. -Sur, finca de D. Manuel Fuentes Martínez e acceso. -Leste, finca ref. cat. 1872001NH4217S00001UB. -Oeste, finca cat. nº 1872006NH4217S0000TL/ finca rexistral nº 53.982.

Visto que, en data 17/02/2015, en base aos razoamentos contidos nos ditos informes técnicos municipais, púxose no coñecemento do único propietario colindante co terreo a desafectar aparte do interesado, D. Enrique García Lorenzo, a substanciación do procedemento en curso para que, no prazo de 15 días, se pronunciase sobre si lle interesaba ou non a merca da parte proporcional que lle puidera corresponder segundo o racional criterio de ordenación a confeccionar pola Oficina Técnica Municipal, coa presunción de que non lle interesaría si non se pronunciaba expresamente sobre o seu eventual interese, unha vez transcorrido o significado prazo, o que supoñería a implícita renuncia ao seu dereito. Salvo erro ou omisión, non consta recibido o seu expreso pronunciamento, polo que cabe presumir iuris tantum o seu desinterese na adquisición así como a renuncia ao seu dereito como titular dominical colindante, resultando así que, dos 2 propietarios colindantes con dereito (D. Manuel Fuentes Martínez e D. Enrique García Lorenzo), só 1 deles ( D. Manuel Fuentes

Martínez) está interesado na adquisición do terreo, unha vez desafectado e investido co carácter de parcela sobrante.

Visto que, o día 04/03/2015 D. Manuel Fuentes Martínez completou o seu parecer cun novo escrito en virtude do que, por unha banda, aceptou o prezo/m2 (22,05 €) establecido nos seus informes por parte do Perito Agrícola Municipal; por outra parte, reafirmou a súa vontade de adquirir a totalidade do terreo obxecto da desafectación e declaración de parcela sobrante (899,00 m2); e, finalmente, asumíu o compromiso de agregala á finca colindante da súa propiedade (finca cat. nº 1872006NH4217S0000TL; finca rexistral nº 53.982), no prazo que determine o Concello, sendo os gastos á súa costa.

Visto o informe xurídico emitido en data 30/04/2015 polo T.A.X.-Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto o informe xurídico emitido en data 29/05/2015 pola Secretaría Xeral municipal.

Visto o informe de fiscalización emitido en data 12/06/2015 pola Interventora municipal.

Visto o acordo plenario de data 06/08/2015, incoando o procedemento de desafectación ao tempo que ordeando a substanciación do preceptivo trámite de información pública (Taboleiro municipal de editos e anuncios, e B.O.P. nº 226/2015, do 23 de novembro), simultaneado coas notificacións nominativas do mesmo aos interesados/afectados.

Visto o certificado de Secretaría referido ao trámite de información pública evacuado, do que se infire a ausencia de alegacións/reclamacións/suxestións, salvo erro ou omisión.

Vista, en definitiva, a xustificación que fai o Perito Agrícola Municipal do carácter de parcela sobrante do terreo do que a súa desafectación se interesa, e considerándoo de interese público este Concello.

Vistas, entre outras, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Regulamento de Bens das Entidades Locais de 1986, a Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e concordantes.

Vistos, especialmente, os arts. 22.2.1) e 47.2.n) da significada Lei 7/1985, do 2 de Abril.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, en sesión celebrada o 25/02/2016

## **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Aprobar a desafectación do terreo radicado onde se atopaba a fosa séptica de Figueroa de Arriba (ref. cat. 1872005NH4217S0001BB) segundo a seguinte descripción, por considerar que reúne os trazos legalmente esixibles de parcela sobrante, de acordo coa información técnica obrante no expediente:

Superficie	Leiras colindantes
899,00 m2	-Norte, finca ref. cat. nº 1872006NH4217S0000TL/ finca rexistral nº 53.982. -Sur, finca de D. Manuel Fuentes Martínez e acceso. -Leste, finca ref. cat. 1872001NH4217S00001UB. -Oeste, finca cat. nº 1872006NH4217S0000TL/ finca rexistral nº 53.982.

**Segundo.-** Declarar o significado terreo como parcela sobrante, recibíndoa formalmente como ben patrimonial ou de propio, e procedendo á correlativa/pertinente alteración inventarial.

**Terceiro.-** Notificar este acordo, para coñecemento e efectos, a:

D. Enrique García Lorenzo ( Rúa San Paio, nº 72 – A Estrada )

D. Manuel Fuentes Martínez ( Rúa San Paio, nº 80 – A Estrada )

**7º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE  
RELATIVA Á CREACIÓN DUN OBRADOIRO DE AGRICULTURA ECOLÓXICA PARA TRABALLADORES/AS  
EN PARO.**

O Sr. Alcalde explica que este asunto ten procedencia dunha previa moción presentada polo grupo municipal MÓVETE, polo que outorga a palabra á voceira do mesmo **Dña. Mar Blanco**, a cal expón a importancia que ten a creación dun obradoiro de agricultura ecolóxica para traballadores/as en paro para apostar campo como opción laboral que actualmente se atopa en áuxe debido a que, cada vez máis, é maior a demanda de produtos naturais e ecolóxicos no mercado. Continúa que esta produción ecolóxica pódese producir a mediá escala para grupos de consumo e distribución en ámbitos e locais. Aclara que este tipo de obradoiros están sendo postos en práctica en varios concellos da provincia de Pontevedra, como por exemplo Moraña e Vilanova, e están a ser unha oportunidade laboral para moitas persoas en paro por mor da crise.

A Sra. Blanco considera que este tipo de obradoiros e moi exeitado para o municipio da Estrada polo potencial do noso rural como pola ausencia de outro tipo de industrias, sendo unha oportunidade do Concello da Estrada para participar no Plan de desenvolvemento rural 2014-2020 da Consellería de Medio Rural que conta cunha liña de axudas específicas para o fomento da agricultura ecolóxica e, deste xeito, crear un Obradoiro de Agricultura Ecolóxica para traballadores/as en paro do Concello da Estrada. Deste xeito valora o apoio de todos os grupos municipais e a predisposición do Concelleiro delegado do Rural para levar a cabo este obradoiro de agricultura ecolóxica.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo municipal de MÓVETE o 15/02/2016 (RE nº 1685) que se transcribe de seguido:

**"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Ante a actual situación de desemprego na que se atopa unha porcentaxe moi elevada da poboación en idade de traballar do Concello da Estrada, e tendo en conta as peculiaridades do mesmo e o auxe do sector da agricultura ecolóxica, consideramos importante a creación dun obradoiro de agricultura dirixido a persoas sen traballo, que deste xeito coñezan como facer dende cero unha horta ecolóxica.*

*Formar a novos agricultores no sector ecolóxico, pode ser unha saída laboral, tendo en conta o incremento da demanda que actualmente experimenta este tipo de produtos. Non se trata só de autoconsumo, o que en si mesmo pode ser de gran axuda para moitas familias, senón que falamos de producir a mediana escala para abastecer a grupos de consumo e distribución de ámbito local, ou incluso asociarse con outros produtores para buscar novos mercados, no caso dos produtos máis demandados.*

*Este tipo de obradoiros estánse a levar a cabo noutros Concellos de Galicia, e son unha oportunidade laboral para moitas persoas que perderon o traballo por mor da crise noutros sectores. Consideramos que o Concello da Estrada pode ser un dos pioneiros neste tipo de iniciativas, tanto polo potencial do seu rural, como pola ausencia doutro tipo de industria.*

*Outra vantaxe é que pode incentivar á cidadanía a emprender o seu propio negocio. Este ano pasado o sector ecolóxico en Galicia tivo unha facturación de case 32 millóns de euros, cun crecemento anual do 20%. Esta actividade conta en Galicia con 149 empresas de elaboración e comercialización e unha superficie, nestes intres, de 16.235 hectáreas de explotación.*

*O obxectivo claro deste obradoiro sería pois dar formación a persoas desempregadas, para que logren reinsentarse laboralmente nun sector en auxe, destacando ademáis o potencial que a agricultura ecolóxica pode acadar na Estrada. Os contidos do obradoiro incluírían a realización de operacións de manexo, mantemento, produción e recolección de cultivos en espazos apropiados para a agricultura de base ecolóxica e comercialización dos mesmos.*

*O Grupo Municipal de Móvet do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:*

*Participar do Plan de desenvolvemento rural 2014-2020 da Consellería de Medio Rural que conta cunha liña de axudas específicas para o fomento da agricultura ecolóxica e, deste xeito, crear un Obradoiro de Agricultura Ecolóxica para traballadores/as en paro do Concello da Estrada”.*

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, en sesión celebrada o 25/02/2016.

## **ACORDAMOS:**

Participar no Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020 da Consellería de Medio Rural que conta cunha liña de axudas específicas para o fomento da agricultura ecolóxica e, deste xeito, crear un Obradoiro de Agricultura Ecolóxica para traballadores/as en paro do Concello da Estrada.

### **8º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVA AO CARNÉ DE MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS.**

Ao tratarse dun asunto iniciado previa Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, o Sr. Alcalde outorga a palabra á súa voceira **Dna. Belén Louzao**, a cal comeza dicindo que existe unha nova lexislación que entrou a finais do ano pasado e que establece cambios na xestión integrada de pragas, xestión de envases, inspección de maquinaria, protección de zonas e formación de usuarios, profesionais e vendedores, esixindo que os usuarios estean en posesión dun nivel de capacitación estruturado en básico, cualificado e fumigador, sendo necesaria para obter estas capacitacións pasar por un exame previo. Tendo en conta o anterior e que a maioría dos nosos veciños/as se adican á agricultura ou á gandería, considera importante poñer á disposición dos nosos veciños os medios necesarios para acadar estos permisos de capacitación e desta maneira anticiparse aos posibles problemas que poidan xurdir con motivo da entrada en vigor desta normativa e do comezo da tempada de cultivos e recolleitas de produtos. Por último, solicita dilixencia na xestión de cursos de formación nas parroquias para acadar os carnés de manipulador ou de aplicador de produtos fitosanitarios.

Toma a palabra o Concelleiro **D. Juan M. Constenla** dicindo que se alegra que todas as forzas políticas estean traballando no mesmo senso e crear un mapa de todas as parroquias onde dar os cursos necesarios. De feito, manifesta, que xa se están dando catro cursos en colaboración co Concello o que deixa constancia dos pasos que se están a dar e que se extenderá ás demais parroquias, aclarando que o custo será igual para todos os veciños/as.

O **Sr. Alcalde** di que, a parte dos catro cursos que se están a dar en colaboración co Concello, as asociacións agrarias e empresas, a iniciativa privada, están facendo un número de cursos importantes. Dí tamén que algunhas asociacións agrarias se han posto en contacto co Concello pedindo colaboración na xestión dos mesmos, sendo o problema actual a coordinación debido aos intereses formativos de empresas que se adican a impartir estes cursos. Polo tanto, di que o Concello fará unha planificación sobre un mapa municipal para chegar a todas as parroquias dando un trato de igualdade a todos os veciños interesados na realización destes cursos.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE con data 16/02/2016 (RE nº 1728), que se transcribe de seguido:

#### *“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O 25 de novembro entrou en vigor en España o Real Decreto que desenvolve a nova lexislación en materia de*

uso sostible dos produtos fitosanitarios. Esta normativa establece cambios na xestión integrada de pragas, xestión de envases, inspección de maquinaria, protección de zonas e formación de usuarios, profesionais e vendedores.

A entrada en vigor desta lexislación obrigará a que os aplicadores e comerciantes realicen o curso de capacitación homologado de aplicación-manipulación de produtos fitosanitarios, que establece tres niveis de capacitación: básico, cualificado e fumigador.

A utilización de produtos fitosanitarios de uso profesional atópanse restrinxida a usuarios con carné, mentres o resto da cidadanía só poderá empregar produtos de uso non profesional. O Real Decreto define como produtos de uso non profesional:

– Un litro, cando se trate de aerosoles ou outros tipos de envases deseñados para aplicar directamente o produto fitosanitario.

– 500 gramos ou 500 mililitros para calquera outro tipo de preparados.

A entrada en vigor da nova lexislación fitosanitaria pode ocasionar abandono na actividade de produción agrícola, de horta ou viñícola. Debemos ter presente que na Estrada son moitas as familias que viven directamente da agricultura e da gandería, mais tamén son moitas as familias que teñen plantacións de autoconsumo. O abandono do cultivo das terras e do seu coidado non favorece en nada ao rural estradense, por este motivo cremos que o Concello debe abrir unha liña de apoio real neste sentido destinada a todas as parroquias, evitando favorecer a unhas sobre outras.

É necesario anticiparse ao problema que se vai presentar para os nosos veciños a finais deste inverno, cando comecen a facerse os diversos cultivos. Herbicida de uso profesional para o millo, sulfato sistémico para o control do mildiu na viña, herbicida para as patacas, ou praguicidas e fitosanitarios para o control de enfermidades son produtos afectados pola nova lexislación e de uso frecuente no campo.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO

O Concello da Estrada facilitará a obtención do carné de manipulación/aplicación de produtos fitosanitarios aos veciños e veciñas da Estrada que desexen concorrer á obtención do mesmo”.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, en sesión celebrada o 25/02/2016.

## **ACORDAMOS:**

O Concello da Estrada facilitará a obtención do carné de manipulación/aplicación de produtos fitosanitarios aos veciños e veciñas da Estrada que desexen concorrer á obtención do mesmo.

### **9º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVA AO ESTABLECEMENTO DUN PLAN DE ERRADICACIÓN DE VERTEDOIRO INCONTROLADOS.**

O **Sr. Alcalde** outorga a palabra a voceira do partido socialista por ser unha moción presentada polo mesmo.

Intervén a **Sr. Belén Louzao** manifestando a existencia dun problema importante con motivo da aparición de vertedoiros incontrolados de voluminosos, electrodomésticos, mobles, materiais de obra, etc., en todos os Concellos e no noso particularmente, que orixinan focos de contaminación en lugares de difícil acceso o preto das estradas, polo que, dende o seu grupo político, cré necesario tomar unha medida de acción ambiciosa mediante a recación dun plan de erradicación de vertedoiro incontrolados, axudando a recuperar os espazos danados e fomenta a educación cidadá, contando coa axuda dos veciños do rural para a localización destes puntos de vertedoiro, así como outras medidas preventivas que se detallan na moción presentada, entre elas reforzo nos servizos municipal para a recollida de lixo e posta en marcha unha campaña informativa para conquistar un apoio cidadán. Polo anterior pide un apoio unánime de todos os grupos políticos para poñer en marcha esta acción ambiciosa e que axude a recuperar o rural e á súa protección, ademáis de que todas estas actuacións se fagan de maneira rápida e dilixente.

Toma a palabra o Concelleiro de Medio Ambiente, **D. Juan Constenla**, para manifestar a súa conformidade co manifestado pola voceira do partido socialista, dicindo que é necesario poñerse as pilas para eliminar os vertedoiros existentes

en diferentes puntos do noso rural. Recorda que cando se foi a retirar os refugallos existentes no monte de Codeseda se chamou para dicir que volvía a estar cheo, polo que hai que concienciar á cidadanía para que eviten realizar estes atentados contra a natureza. Polo anterior, é necesario poñerse a traballar entre todos para eliminar estes puntos negros.

Pide a palabra o **Sr. Xosé Magariños** (voceiro do BNG) dicindo que ao mellor habería que facer un reforzo da información do horario de funcionamento do Punto Limpo, sobre todo no casco urbán, para evitar a existencia de residuos sólidos nas beirarrúas, polo que non está de máis a colocación de carteis con esta información e números de teléfonos do Concello onde pedir información. A todo elo, considera que debería impartirse charlas nos centros educativos para concienciar á xente para o respecto ao medio ambiente e evitar estas actitudes tan desbastadoras. En definitiva, di que debe facerse todo o posible para solucionar este problema social tan grave.

Volve a intervir a **Sra. Belén Louzao** para, co gallo do dito polo Sr. Magariños, propoñer modificar ou ampliar a proposta incluída na moción, engandindo que se coloquen nos taboleiros parroquiais información sobre o horario do Punto Limpo e o teléfono ao que teñen que chamar.

Finaliza o **Sr. Alcalde** propoñendo que se se pode engadir tamén nos ditos taboleiros parroquiais o número de teléfono ao que hai que chamar para solicitar o servizo de recollida de voluminosos.

Non habendo máis intervencións procedese á votación da nomeada moción coa inclusión dos puntos sinalados, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE con data 04/02/2016 (RE nº 1207), que se transcribe de seguido:

*“ EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A presenza de vertedoiros ilegais incontrolados é un feito en distintos puntos do Concello da Estrada. Trátase de numerosos focos de contaminación diseminados, na súa maioría nas distintas parroquias. Entre os vertidos figuran residuos sólidos, con gran cantidade de voluminosos e presenza de neumáticos, mobles, electrodomésticos e outros enseres, xunto con plásticos de todo tipo.*

*Así mesmo, podemos atopar varios puntos nos que se acumulan materiais de desfeita de obra e escombros, que supoñen un risco e poderían incumprir a normativa de protección do medio ambiente.*

*A presenza dos vertedoiros incontrolados en zonas rurais, espazos naturais, xunto a carreteras e vías pecuarias fai necesaria unha actuación integral de detección e erradicación de ditos vertedoiros ilegais, poñendo fin a este problema recorrente no tempo. Por este motivo propoñemos a posta en marcha dun Plan Municipal de Erradicación de vertedoiros ilegais incontrolados, que plantexe unha solución dende distintas vertentes.*

*Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO*

- *Posta en marcha dun Plan integral de erradicación de vertedoiros incontrolados e recuperación dos espazos afectados, incidindo nas distintas vertentes do problema de cara a unha solución:*
- *Campaña de detección en todo o entorno estradense, colaborando para elo con Asociacións de Veciños e outras entidades con presenza no territorio.*
- *Erradicación e clausura de ditos focos de vertidos ilegais, procedendo á recollida do lixo localizado e o seu tratamento axeitado, así como a sinalización de prohibición de verter lixo nas ubicacións recuperadas.*
- *Establecemento de medidas municipais de reforzo na recollida de voluminosos nos domicilios e grandes plásticos.*
- *Reforzo do tratamento de lixo no punto limpo.*
- *Posta en marcha dunha campaña informativa e busca de implicación social na erradicación deste problema”.*

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, en sesión celebrada o 25/02/2016.

## ACORDAMOS:

Poñer en marcha un Plan integral de erradicación de vertedoiros incontrolados e recuperación dos espazos afectados, incidindo nas distintas vertentes do problema de cara a unha solución:

- Campaña de detección en todo o entorno estradense, colaborando para elo con Asociacións de Veciños e outras entidades con presenza no territorio.
- Erradicación e clausura de ditos focos de vertidos ilegais, procedendo á recollida do lixo localizado e o seu tratamento axeitado, así como a sinalización de prohibición de verter lixo nas ubicacións recuperadas.
- Establecemento de medidas municipais de reforzo na recollida de voluminosos nos domicilios e grandes plásticos.
- Reforzo do tratamento de lixo no punto limpo.
- Posta en marcha dunha campaña informativa e busca de implicación social na erradicación deste problema, tanto a nivel parroquial e veciñal, como a nivela escolar.
- Colocación nos taboleiros parroquiais do horario do Punto Limpo así como o número de teléfono do Concello para dar información sobre este tema.
- Colocación nos taboleiros parroquiais o número de teléfono correspondente ao servizo de recollida de voluminosos

### 10º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVA Á APROBACIÓN DUN PLAN DE REHABILITACIÓN DA PORTA DO SOL E DE VARIAS DAS RÚAS DO CASCO URBÁN.

O Sr. Alcalde, ao tratarse dunha moción presentada polo BNG, outorga a palabra ao seu voceiro, **D. Xosé Magariños**, que comenza dicindo o moito que perdeu A Estrada despois das desastrosas políticas urbanísticas que se levaron durante os últimos anos. Di que, a pesares de que o Plan Xeral contempla a protección do conxunto e da área de influencia da Porta do Sol e doutros edificios catalogados, é importante que o Concello poña as medidas necesarias para a protección das edificacións arquitectónicas e os conxuntos urbanísticos (exemplo: O Cruceiro, a Porta do Sol). Polo anterior, cré necesario que o Concello se poña a traballar con medios de tipo tributario e urbanístico para estas accións e, incluso, de tipo artístico, xa que sería boa idea poñerse en contacto con artistas para poñer unha solución agradable a aquelas fachadas en situación antiestética.

Recorda que non se trata so de un patrimonio arquitectónico, senón tamén dunha riqueza económica e social, porque é unha maneira de recuperar para a sociedade dun entorno que tivo moita importancia para os veciños/as deste Concello.

Resposta o **Sr. Alcalde** dicindo que coincide coa súa exposición.

Toma a palabra a **Sra. Belén Louzao** para dicir que o seu grupo está de acordo coa moción presentada polo BNG, debendo protexer e impulsar a conservación do patrimonio arquitectónico e histórica da Estrada. Manifesta que lle houbera gustado que este tema se tivese levado á Comisión Informativa de Urbanismo e, dende o punto de vista das medidas fiscais propostas polo BNG, facer un estudo sobre o que se pode facer para facelo efectivo. Non quere esquecer que hai construcións na nosa vila, a parte dos especificados na moción, que sería bo incluír nos plans de rehabilitación e recuperación, por exemplo a Casa do Pobo. Finalmente manifesta o apoio a moción e que se faga de maneira dilixencia os plans que correspondan.

Inicia a súa intervención a **Sra. Mar Blanco** dicindo que están de acordo coa necesidade da elaboración dun plan de rehabilitación, porque A Estrada ha sufrido unha pésima política urbanística que trouxeron como consecuencia a desaparición de importantes edificacións. Así que, co fin de recuperar os edificios catalogados no PXOM e que aínda se conservan en pé, débese de

traballar neste plan de rehabilitación do patrimonio arquitectónico, considerando que sería factible e importante estudar a proposta que ten o Instituto Galego de Vivenda e Solo sobre o Plan REHABITA, consistente en que o propio Instituto adquiere os edificios, os rehabilita e os aluga.

Finaliza o **Sr. Alcalde** dicindo que cré que todos coinciden que a evolución da Estrada AESS 2020 vai tamén nesta liña, e contando cos fondos necesarios e con as iniciativas do Concello aquelas zonas deterioradas e que gardan certo valor se poidan recuperar. Polo que a idea do seu grupo político é ir nesta liña e poder ter a posibilidade de xestionalo a través das estratexias de desenvolvemento sostible que espera saian favorables ao Concello.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do BNG con data 30/01/2016 (RE nº 930), que se transcribe de seguido:

#### *“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A maioría dos gobernantes de A Estrada (actuais e anteriores) son un exemplo de incultura e falta de consciencia histórico-artística, que se manifesta, entre outras cousas, na destrución do seu patrimonio arquitectónico: a casa das artes e oficios, a praza de abastos, o cárcere e mesmo a pasividade ante a degradación da torre e o Pazo de Guimarei. Mais esta actuación non se reduce aos edificios de índole pública, senón tamén a todo o entramado urbanístico que caracterizaba a vila da Estrada, reflexo do modo de vida de tempos anteriores e da harmonía dos seus conceptos urbanísticos e construtivos, rotos nos últimos anos, fundamentalmente desde a aprobación das anteriores Normas Urbanísticas que lexitimaban a destrución destes espazos consentindo o derrube dos edificios que o conformaban e substituíndoos por outros que, tanto en alturas como na súa tipoloxía construtiva, quebran a afinidade que mantiñan anteriormente.*

*A consecuencia máis característica deste desleixo represéntao a Praza da Farola e a rúa principal, onde coexisten, a día de hoxe, dous modelos urbanísticos diferentes e contraditorios que producen un aspecto antiestético e antitético a respecto da configuración anterior, que se pode comprobar ollando fotografías antigas desta zona.*

*O actual PXOM non contén unha solución a este problema, limitándose a recoller a protección dunha serie de edificios sen contemplar ningunha medida que harmonice o seu entorno con elas, o que permite que se poidan repetir feitos como os que podemos observar na vila: na praza da Farola hai un edificio protexido de tres plantas flanqueado por dúas construcións que o dobran en alturas ou ao lado da casa das letras está permitido construír un edificio de seis plantas cunha parede cega cara ela.*

*Pero non so o concello ten que actuar de maneira normativa, ten que ser un axente activo na recuperación do patrimonio arquitectónico e nun desenvolvemento urbanístico que permita unha construción que mellore e complemente o feito en tempos pasados e promova unha arquitectura acorde cos tempos modernos naquelas áreas de nova construción.*

*Polo que, co fin de corrixir esta eiva, conseguir unha vila máis estruturada e preservar o seu valor patrimonial, propoñemos ao pleno a aprobación das seguintes medidas:*

*– A aprobación dun plan de rehabilitación do entorno da Praza da Porta do Sol que inclúa, ademais da mencionada praza, todos os edificios catalogados no PXOM situados nas rúas Ulla, Pontearreas e Avda. Fernando Conde.*

*– Aprobación dun paquete de medidas fiscais que apoiem a rehabilitación de todos os edificios catalogados no PXOM e das obras de reforma e rehabilitación a todos aqueles situados no entorno da área de protección dos mesmos que permitan unha maior integración do conxunto arquitectónico, logrando unha maior complementación e adecuación entre edificios de épocas e estilos construtivos diferentes.*

*– Aprobación dun Plan Especial de Protección e o seu correspondente Plan de Rehabilitación no entorno da Rúa do Cruceiro, travesía da Igrexa e Travesía de Veá”.*

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, en sesión celebrada o 25/02/2016.

#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** A redacción e posterior aprobación dun plan de rehabilitación do entorno da Praza da Porta do Sol que inclúa, ademais da mencionada praza, todos os edificios catalogados no PXOM



sitos nas rúas Ulla, Pontareas e Avda. Fernando Conde.

**Segundo.-** A elaboración e posterior aprobación dun paquete de medidas fiscais que apoien a rehabilitación de todos os edificios catalogados no PXOM e das obras de reforma e rehabilitación a todos aqueles situados no entorno da área de protección dos mesmos que permitan unha maior integración do conxunto arquitectónico, logrando unha maior complementación e adecuación entre edificios de épocas e estilos construtivos diferentes.

**Terceiro.-** A elaboración e posterior aprobación dun Plan Especial de Protección e o seu correspondente Plan de Rehabilitación no entorno da Rúa do Cruceiro, travesía da Igrexa e Travesía de Veá.

**11º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES RELATIVA Á SOLICITUDE DAS EMPRESAS PROVEEDORES DE SERVIZOS DE SERVIDORES DE MAPAS WEB E DISPOSITIVOS MÓBILES PARA PROCEDER Á CORRECCIÓN DOS TOPÓNIMOS DO CONCELLO DA ESTRADA INCORRECTOS.**

Inicia a intervención o **Sr. Xosé Magariños** por ter base nunha moción presentada polo seu grupo do BNG. Ao respecto explica que se trata dunha moción para cumprir a Lei, para que se respecte o nome dos lugares e parroquias, e que para aqueles que utilicen sistemas de GPS non se perdan no intento. Polo que considera que se debería instar ás empresas Google e Microsoft a actualizar os seus servizos dos servidores de mapas na web e dispositivos móbiles cos nomes correctos do noso rueiro, e enviar a estas empresas unha relación dos nomes das rúas da vila da Estrada, así como a empregar os topónimos oficiais nos seus servizos dos servidores de mapas na web e dispositivos móbiles.

Resposta o **Sr Alcalde** que é de sentido común apoiar esta Moción, ademais cré que xa se remitíu anteriormente algún escrito a estas empresas neste senso, pero se seguirá insistindo para que se corrixa os topónimos e nomes das rúas do Concello da Estrada.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do BNG con data 25/01/2016 (RE nº 702), que se transcribe de seguido:

*"Xosé Magariños Maceiras, portavoz do Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa:*

*SOLICITAR DAS EMPRESAS PROVEEDORAS DE SERVIZOS DE SERVIDORES DE MAPAS NA WEB E DISPOSITIVOS MÓBILES PARA QUE PROCEDAN A CORRIXIR OS TOPÓNIMOS INCORRECTOS QUE APARECEN NOS SEUS SERVIZOS.*

*Hoxe en día non son poucas as persoas que utilizan os servizos dos servidores de mapas na web e dispositivos móbiles, que proporcionan empresas como Gooble desde o seu sevizo Google Maps, que ten cartografiado practicamente todo o planeta. Así, desde esta aplicación que se pode usar gratuitamente e na que tamén aparece o noso concello, podemos localizar rúas, mesmo camiñar virtualmente por elas a través do seu servizo integrado, Google Street View, podemos trazar rutas e para as pequenas e medianas empresas, así como comercios e puntos turísticos de interese constitúe unha ferramenta moi útil de promoción virtual.*

*O éxito desta aplicación é tal que se segundo o "Play", a tenda virtural de Android, o Google Maps acada a escalofriante cifra mil millóns de descargas, e segundo diversas publicacións, máis do 20% das búsquedas en Google teñen a ver coa localización.*

*Desde o BNG entendemos que servizos deste tipo, que, como dixemos antes, serven tamén de promoción do noso concello, deben reflectir a realidade e non distorcionala. Neste sentido, unha ollada á vila do noso concello desde o Google Maps atopámonos con ferencias como "Praza del Generalísimo" no canto de Praza de Galicia (nome oficial, aínda*

que o popular é Praza da Farola), "Praza de Martínez Anido" no canto de Praza do Mercado, ou "Camiño da Caldesina" no canto de "Camiño da Caldesiña".

Máis Google non é a única empresa de internet que ofrece este tipo de servizos. Empresas como Microsoft tamén teñen os seus propios servizos de servidores de mapas para a web, neste caso Bing Maps. Unha ollada a este servizo reflicte, se cabe, unha realidade aínda esperpéntica que o caso de Google, xa que neste caso, ademais dos exemplos do rueiro anteriormente citado, Microsoft ten os topónimos das nosas parroquias completamente deturpados. Así atopámonos con "La Estrada", "Lagartones", "Aguiones", "Guimarey", "Santa Marina de Barcala", etc, e o que é peor, os topónimos reflíctense depurtados cando o/a usuario/a define a interface web en galego, poñéndoos correctamente cando se escolle o castelá.

É deber das administracións públicas galegas non só cumprir a lei de normalización lingüística, empregando os topónimos correctamente e todas as súas publicación; mais as administracións públicas deben velar polo seu cumprimento estrito por parte das empresas coas que teña algún tipo de relación, así como onde se vexa reflectido o noso concello dun xeito tan esperpéntico como os exemplos que acabamos de ver.

Neste sentido, o Grupo Municipal do BNG, insta ao pleno a tomar o seguinte

ACORDO:

- Instar a Google e Microsoft a actualizar os seus servizos dos servidores de mapas na web e dispositivos móbiles cos nomes correctos do noso rueiro, e enviar a estas empresas unha relación dos nomes das rúas da vila da Estrada.
- Instar a Google e Microsoft a empregar os topónimos oficiais nos seus servizos dos servidores de mapas na web e dispositivos móbiles, e enviar a estas empresas unha relación dos topónimos oficiais das parroquias e lugares do noso concello".

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Cultura e Deportes en sesión do 25/02/2016.

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Instar a GOOGLE e MICROSOFT para a actualización e corrección dos seus servizos de servidores de mapas na web e dispositivos móbiles cos nomes correctos do rueiro do concello de A Estrada.

**Segundo.-** Instar a GOOGLE e MICROSOFT para que proceda ao emprego dos topónimos oficiais nos seus servizos de servidores de mapas na web e dispositivos móbiles.

**Terceiro.-** Ordenar que, polo departamento municipal correspondente, se proceda ao envío a a GOOGLE MADRID (con enderezo en Torre Picasso, Praza Pablo Ruiz Picasso nº 1 – 28020 Madrid) e MICROSOFT IBÉRICA, SRL (con enderezo en Paseo del Club Deportivo nº 1, Centro Empresarial la Finca, Edificio 1 – 28223 Pozuelo de Alarcón), sendas relacións, unha do rueiro de A Estrada e, outra, dos topónimos oficiais das parroquias e lugares do noso Concello.

**12º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES RELATIVA Á MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE MÓVETE SOBRE O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS.**

O Sr. Alcalde outorga a palabra á **Sra. Mar Blanco**, que inicia a explicación da moción do seu grupo MÓVETE dicindo que se trata dun apoio ao galego, iniciativa da Mesa pola normalización lingüística, para que o goberno da Xunta cumpra cos compromisos internacionais sobre a lingua e que garante a posibilidade que debe de ter cada falante de desenvolver a totalidade da súa vida na propia lingua. Recordamos o pasado 21 de xaneiro facíase público o cuarto informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, elaborada polo Comité Internacional de Expertos, na cal se advirte que o Decreto de plurilingüismo reduce a presenza da lingua propia e entra en contradición coa nomeada Carta Europa das Linguas; ademais de pedir encarecidamente fomentar no idioma na escola e facer modificacións legais que

permitan o seu uso na xustiza e na administración. Ante iso, continúa dicindo que o seu grupo busca que o Concello da Estrada amose o seu compromiso coa Carta Europea e inste á Xunta de Galicia a cumprir acordos internacionais e que o faga elaborando un novo Decreto para uso do galego.

Toma a palabra o Concelleiro de Cultura, **D. Juan Constenla**, manifestando que no no cuarto informe de avaliación mencionado se felicita á Comunidade Autónoma de Galicia por fomentar o uso do galego. En canto á modificación do Decreto que está en vigor, di que superou unha Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e outra do Tribunal Supremo, así como a desestimación do recurso presentado pola Real Academia Galega, o que supón unha proba de que o Decreto da Comunidade Autónoma non vai mal e fomenta o bilingüismo na escola e unha terceira lingüa. Ante o manifestado, di que non vai a apoiar a moción do grupo MÓVETE.

Intervén a **Sra. Belén Louzao** dicindo que, efectivamente, a Carta Europa é un informe que recolle realidades que ven denunciando a Mesa de Normalización Lingüística, xa que se está a afecta o uso do galego na nosa comunidade e que o nomeado Decreto tamén o ven afectando negativamente a nivel de educación; polo que debemos poñer en alza e valor a lingüa galega apoiando esta Moción, símbolo da defensa do noso patrimonio material e lingüístico, sen menoscabo de apoiar o o uso doutras linguas, pero sen menospreciar a lingua que temos. Finalizando dicindo que apoian a moción de MÓVETE adheríndose o seu grupo político á Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, e que ningunha lingua prexudique a outra por ser minoritaria.

Toma a palabra o **Sr. Xosé Magariños** manifestando que, para que non se lle acuse de partidismo ni de nacionalismo, baise a basear nun estrato do Correo Gallego que procede A ler, ao mesmo tempo que recomenda ler un artigo do Faro de Vigo de data 14/10/2014 sobre un análise que fai o Instituto Galego de Estatística e do que sae o informe do CER,: *"Se alguén quere ver victimismo utópico escribimos en base en datos oficiais do Instituto Galego de Estatística, que confirma que a folla de ruta do pluringüismo está a matar o idioma propio deste sufrido país noso. A todos debería de preocuparnos, empezando pola Xunta, que un de cada catro menores de quince anos fale galego habitualmente. A todos debería preocuparnos, comezando pola Xunta, que o 31% das persoas que falen so galego estean 12 puntos por debaixo da taxa rexistrada fai dez anos. A todos debería preocuparnos, comezando pola Xunta, que a porcentaxe da poboación que fala máis en galego que en castelán cae 6 puntos con respecto ao 2008, para quedar nun modesto 20%, superada polos que falan máis castelán que galego, o 22%, logo dispararse 6 puntos nestes seis últimos anos"*; ante o anterior di que se nos basamos nesa enquisa do IGE, na Estrada estamos un trece coma e algo por cento de caída dos galegos parlantes. Di que recomenda a lectura de varios puntos do devandito informe de avaliación da Carta europea, nos cales se fala do ben que se está a facer nas comunidades de Cataluña e Euskadi, pero da un grande tirón de orellas a outras como a comunidade valenciana, balear e a nosa. Di que hai que recordar que estamos a falar dun convenio asinado polo Sr. Aznar adoptando o máximo compromiso coas linguas minoritadas do estado español, polo que tería rango de lei sendo de obrigado cumprimento e, aínda así, non se está a cumprir. Por outro lado o nomeado informe de avaliación nomea a Radio Estrada, pero non nos alegra que a Xunta diga que empezou a emitir en galego no período 2012-2015, o que non é verdade, porque empezou antes.

Ante o anterior o Sr. Magariños lamenta que o grupo de goberno se absteña de facer un tirón de orellas á Xunta, sobre todo ao noso Secretario Xeral de Política Lingüística, ao que considera que non fai o que el quixera, é máis, considera que este grupo de goberno vota en contra desta moción por causa de disciplina política do seu partido.

Resposta o **Sr. Alcalde** manifesta que coincide co Sr Magariños sobre que dentro do Partido Popular existe un sector de respecto por nosa lingua, sen embargo o seu modelo non é o catalá, o seu modelo de país e do uso da lingua é dun uso cordial no noso territorio, xa que considera que a imposición nunca tivo bo fin. Considera que hai moito que traballar, pero se sinte orgulloso do traballo que está a facer polo Secretario Xeral de Política Lingüística. Tamén

quere sumarse ás felicitacións para Radio Estrada, a que tivo sempre claro que, dende as súas orixes, era unha radio galega, polo que lle gustaría que quedara constancia nesta sesión plenaria o recoñecemento unánime á laboura que está a facer Radio Estrada pola lingua e cultura galega.

Continúa o Sr. Alcalde que, a pesares de que está de acordo en seguir traballando por mellorar o uso da nosa lingua, non se pode olvidar que o castelá é unha das linguas máis faladas en todo o mundo e que se debería ter en conta o uso compatible con outras linguas. Neste matiz, nos leva a traballar a mellorar as condicións do galego no noso territorio e a votar en contra desta moción por cuestión de matices e non por cuestión de fondo.

Sometida a moción a votación, esta é rexeitada polos votos en contra do PP e a favor do PSdeG-PSOE, BNG E MÓVETE.

### **13º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE RELATIVA Á APROBACIÓN DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONXUNTA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.**

O Sr. Alcalde explica que neste punto trátase dunha declaración conxunta de todos os grupos políticos municipais, derivada dunha Comisión Informativa de Benestar Social e que nace dun acordo anual. Manifesta o seu agradecemento aos outros grupos políticos para chegar a un acordo unánime neste tema tan sensible como é o Día Internacional das Mulleres. Polo que procede a lectura desa declaración conxunta, cedendo a palabra á Concelleira de Benestar Social Dña. Amalia Goldar Cora.

A Sra Amalia Goldar quen manifesta o seu agradecemento de estar por riba de todo para loitar de maneira conxunta polos dereitos das mulleres, e como, todos os anos, se acada por unanimidade un acordo neste tema.

A Continuación, a Sra. Goldar procede á lectura da declaración institucional conxunta da corporación do Concello da Estrada e elaborada con motivo do Día Internacional das Mulleres:

"Van xa 159 anos desde que aquel 8 de marzo de 1857 un grupo de obreiras textís saíse á rúa en Nova York para protestar polas súas condicións laborais. Hoxe en día, esta data reivindica e simboliza a loita incansábel das mulleres do mundo na defensa dos seus dereitos laborais e a defensa da igualdade.

Neste marzo de 2016 a realidade continúa a evidenciar que a crise agravou a situación de desigualdade e precariedade das mulleres. Diante do discurso falaz da igualdade conseguida diferentes estudos, informes e enquisas recollen datos sobre a crecente situación de precariedade laboral e traballo vulnerábel que viven as mulleres galegas. A fenda salarial segue a ser unha realidade aínda por combater diante da que as institucións non interpoñen medidas. Ademais, son as mulleres quen lideran as estatísticas de emprego temporal e parcial. No que atinxe ao traballo non remunerado, as desigualdades no reparto das responsabilidades repercuten negativamente sobre as mulleres que tamén sofren a sobrecarga derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados.

Este ano facemos noso o concepto de Nacións Unidas sobre igualdade substantiva que consiste en converter a igualdade nominal das nosas leis nunha igualdade real. Para alcanzala, hai que actuar en tres esferas interrelacionadas: corrixir a situación socioeconómica das mulleres, loitar contra os estereotipos machistas e todas as manifestacións de violencia xénero e traballar polo fortalecemento da representatividade e a participación das mulleres. Para alcanzar a igualdade substantiva, non só é necesario facer máis senón facelo mellor.

Unha mostra de desigualdade é que na actualidade os homes e as mulleres continúan gañando salarios diferentes por unha simple cuestión de discriminación de xénero e que, lonxe de reducir a brecha, as desigualdades están a ser cada vez maiores.

A última Enquisa Anual de Estrutura Salarial do Instituto Nacional de Estatística (INE) amosa que a remuneración anual bruta das traballadoras españolas foi un 24% inferior á dos homes. É dicir, en España as mulleres asalariadas para percibir de media as mesmas retribucións que os homes terían

que traballar 79 días máis ao ano -ou, o que é o mesmo, traballan de balde máis de dous meses e medio-. Esta desigualdade dispárase ata o 39% se falamos das pensións, porque o impacto das diferenzas salariais sobre as mulleres, ademais de supoñer menos ingresos ao longo das súas vidas, ten consecuencia directa en pensións máis baixas e nun maior risco de pobreza para as mulleres maiores

En Galicia, a situación é incluso peor, xa que os salarios na nosa comunidade xa son inferiores en xeral que a media do Estado Español. Polo tanto, a capacidade económica das mulleres galegas é das máis baixas de España, co que iso leva.

Diante disto, é obriga de todos nos, por ser a institución máis achegada á veciñanza, comprometerse na presións ás institucións directamente responsábeis de poñer en marcha políticas que revertan a desigualdade laboral das mulleres."

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do BNG con data 18/02/2016 (RE nº 2083).

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade, en sesión celebrada o 24/02/2016.

### **ACORDAMOS:**

A aprobación da declaración institucional elaborada conxuntamente por todos os grupos políticos con representación municipal con motivo do Día Internacional das Mulleres, e que se transcribe de seguido:

*“Van xa 159 anos desde que aquel 8 de marzo de 1857 un grupo de obreiras textís saíse á rúa en Nova York para protestar polas súas condicións laborais. Hoxe en día, esta data reivindica e simboliza a loita incansábel das mulleres do mundo na defensa dos seus dereitos laborais e a defensa da igualdade.*

*Neste marzo de 2016 a realidade continúa a evidenciar que a crise agravou a situación de desigualdade e precariedade das mulleres. Diante do discurso falaz da igualdade conseguida diferentes estudos, informes e enquisas recollen datos sobre a crecente situación de precariedade laboral e traballo vulnerábel que viven as mulleres galegas. A fenda salarial segue a ser unha realidade aínda por combater diante da que as institucións non interpoñen medidas. Ademais, son as mulleres quen lideran as estatísticas de emprego temporal e parcial. No que atinxe ao traballo non remunerado, as desigualdades no reparto das responsabilidades repercuten negativamente sobre as mulleres que tamén sofren a sobrecarga derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados.*

*Este ano facemos noso o concepto de Nacións Unidas sobre igualdade substantiva que consiste en converter a igualdade nominal das nosas leis nunha igualdade real. Para alcanzala, hai que actuar en tres esferas interrelacionadas: corrixir a situación socioeconómica das mulleres, loitar contra os estereotipos machistas e todas as manifestacións de violencia xénero e traballar polo fortalecemento da representatividade e a participación das mulleres. Para alcanzar a igualdade substantiva, non só é necesario facer máis senón facelo mellor.*

*Unha mostra de desigualdade é que na actualidade os homes e as mulleres continúan gañando salarios diferentes por unha simple cuestión de discriminación de xénero e que, lonxe de reducir a brecha, as desigualdades están a ser cada vez maiores.*

*A última Enquisa Anual de Estrutura Salarial do Instituto Nacional de Estatística (INE) amosa que a remuneración anual bruta das traballadoras españolas foi un 24% inferior á dos homes. É dicir, en España as mulleres asalariadas para percibir de media as mesmas retribucións que os homes terían que traballar 79 días máis ao ano -ou, o que é o mesmo, traballan de balde máis de dous meses e medio-. Esta desigualdade dispárase ata o 39% se falamos das pensións, porque o impacto das diferenzas salariais sobre as mulleres, ademais de supoñer menos ingresos ao*

*longo das súas vidas, ten consecuencia directa en pensións máis baixas e nun maior risco de pobreza para as mulleres maiores*

*En Galicia, a situación é incluso peor, xa que os salarios na nosa comunidade xa son inferiores en xeral que a media do Estado Español. Polo tanto, a capacidade económica das mulleres galegas é das máis baixas de España, co que iso leva.*

*Diante disto, é obriga de todos nos, por ser a institución máis achegada á veciñanza, comprometerse na presións ás institucións directamente responsábeis de poñer en marcha políticas que revertan a desigualdade laboral das mulleres.”*

**14º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE RELATIVA Á APROBACIÓN DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONXUNTA ADOPTADA CON MOTIVO DO 40ª ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA REPÚBLICA ÁRABE SAHARAUI DEMOCRÁTICA.**

O Sr. Alcalde outorga a palabra á palabra ao Concelleiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, quen aclara que, a pesares que ten o seu orixe nunha moción do BNG, trátase dunha declaración institucional conxunta, polo que debería ser a Concellería de Benestar Social a que procedera á súa lectura.

Toma a palabra a **Sra. Amalia Goldar**, quen procede a dar lectura da declaración institucional conxunta adoptada por todos os grupos políticos municipal con motivo do 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharaui Democrática, recordando antes a implicación do Concello da Estrada co pobo saharauí mediante actividades como, por exemplo, Vacacións en Paz, etc.:

“Hoxe, 27 de febreiro de 2016 cúmprese o 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharaui Democrática e o Concello de A Estrada quere sumarse a este acontecemento histórico e demostrar un ano máis o seu firme compromiso co Pobo Saharaui.

As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos de poboación refuxiada saharauí afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 dos cales perderon os seus fogares e quedáronse sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).

Diversas investigacións levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, co apoio de Euskal Fundoa, aportaron novas probas sobre desaparicións forzosas e bombardeos á poboación civil saharauí a mans do goberno de Marrocos. Ademais, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querrela por xenocidio contra o Pobo Saharaui e nas demandas de verdade, xustiza e reparación.

Por todo iso, o Concello de A Estrada manifesta o seguinte:

1. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e o Frente POLISARIO e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharaui. Así mesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o estatus diplomático á Representación do Frente POLISARIO en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharaui, recoñecido así pola ONU.

2. Insta ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.

3. Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharauís de dereitos humanos, a que liberen aos presos políticos saharauís e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharauís desaparecidas.

4. Insta ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza en el Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.

5. Reafírmase no seu compromiso de traballar tanto nos campamentos de poboación refuxiada en Tinduf (Arxelia), como nos territorios ilegalmente ocupados por Marrocos como mostra do apoio maioritario da sociedade estradense á lexítima loita do Pobo Saharaui pola súa liberdade.

6. Agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás estradenses que fan posibles proxectos de cooperación co Pobo Saharai, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz, etc."

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do BNG con data 21/02/2016, relativa á aprobación da declaración institucional con motivo do 40º aniversario da Proclamación da República Árabe Saharai (RASD).

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade, en sesión celebrada o 24/02/2016.

### **ACORDAMOS:**

A aprobación da Declaración institucional con motivo do 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharai (RASD), e que se transcribe de seguido:

#### ***“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 40º ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA RASD***

*“Hoxe, 27 de febreiro de 2016 cúmprese o 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharai Democrática e o Concello de A Estrada quere sumarse a este acontecemento histórico e demostrar un ano máis o seu firme compromiso co Pobo Saharai.*

*As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos de poboación refuxiada saharai afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 dos cales perderon os seus fogares e quedáronse sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).*

*Diversas investigacións levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, co apoio de Euskal Fondoa, aportaron novas probas sobre desaparicións forzosas e bombardeos á poboación civil saharai a mans do goberno de Marrocos. Ademáis, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querrela por xenocidio contra o Pobo Saharai e nas demandas de verdade, xustiza e reparación.*

*Por todo iso, o Concello de A Estrada manifesta o seguinte:*

*1. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e o Frente POLISARIO e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharai. Así mesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o estatus diplomático á Representación do Frente POLISARIO en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharai, recoñecido así pola ONU.*

*2. Insta ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.*

*3. Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharais de dereitos humanos, a que liberen aos presos políticos saharais e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharais desaparecidas.*

*4. Insta ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza en el Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.*

*5. Reafírmase no seu compromiso de traballar tanto nos campamentos de poboación refuxiada en Tinduf (Arxelia), como nos territorios ilegalmente ocupados por Marrocos como mostra do apoio maioritario da sociedade estradense á lexítima loita do Pobo Saharai pola súa liberdade.*

6. *Agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás estradenses que fan posibles proxectos de cooperación co Pobo Saharai, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz, etc.”*

**15º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS DURANTE O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 5 E O 29 DE XANEIRO DE 2016 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).** Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 5 e o 29 de xaneiro de 2016 (ambos os dous incluídos), e que van dende o nº 1/2016 ao nº 78/2016 (ambos incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

\*\*\*\*\*

#### **FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Antes de pasar ao punto de Rogos e Preguntas, o Sr. Alcalde-Presidente di que, previa comunicación aos voceiros dos outros grupos políticos, o grupo de goberno propón levar fóra da Orde do Día a creación dunha Comisión Informativa Especial para o estudo da fusión dos municipios Cerdedo e Cotobade.

#### **A) CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL PARA O ESTUDO DA FUSIÓN CERDEDO-COTOBADA.**

O **Sr. Alcalde** explica que é necesario facer un seguimento específico da repercusión que orixina a fusión dos Concellos de Cerdedo e Cotobade por ser municipios limítrofes e porque tamén Cerdedo pertence á nosa comarca de Tabeirós-Terra de Montes e, por iso A Estrada ten que dicir moito sobre ese proceso de fusión e é necesario facer un seguimento mediante unha comisión na que estén representadas todas os grupos políticos con representación municipal; polo anterior, di que é necesario a creación dunha Comisión Especial para o estudo da nomeada fusión.

Sometida a urxencia deste asunto para a súa inclusión fóra da Orde do Día, esta é aprobada por unanimidade.

Continúa o **Sr. Alcalde** dicindo que agora procedería votar a creación e composición da Comisión Especial, incorporando no acordo que se vaia a adoptar que os membros da devandita Comisión sexan os mesmos que forman a Comisión Informativa de Organización e Funcionamento, sendo a intención convocar a súa primeira sesión a próxima semana, para o cal xa se lle achegou a cada concelleiro un informe da Sra. Secretaria Xeral, a quen agradece o seu asesoramento neste tema.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 03/03/2016, relativa á creación dunha Comisión Informativa Especial para o estudo da fusión dos municipios de Cerdedo e Cotobade.

Visto o informe emitido pola Secretaria Xeral ao respecto.

Visto o sinalado no artigo 20 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local.

Visto o sinalado nos artigos 66, 67, 68 e 212 da Lei Galega 5/1997 de Administración Local.

Visto o sinalado nos artigos 29, 38, 123, 125, 127 e 134 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**ACORDAMOS:**



1º.- Determinar a creación da Comisión Informativa Especial para o estudo da fusión dos municipios de Cerdedo e Cotobade.

2º.- A composición desta Comisión Informativa Especial será a mesma que a da Comisión Informativa de Organización e Funcionamento.

Visto que o número de concelleiros é par, establécese a aprobación mediante o voto de calidade do Presidente, sen necesidade de acudir a unha segunda votación.

3º.- O Alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións Informativas. Non obstante, poderá delegar a Presidencia noutro Concelleiro, a proposta da propia Comisión trala correspondente elección efectuada no seu seo.

No caso de que o Sr. Alcalde, despois de efectuada a delegación, acuda a algunha sesión, correspondenderalle a el a súa convocatoria e presidencia, non sendo convocado ni acudindo á Comisión algún dos membros designados en principio en representación do grupo municipal do Partido Popular.

\*\*\*\*\*

#### **16º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Inicia as intervencións o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para plantexar tres breves cuestións. En primeiro lugar di que lle achegan os usuarios do Instituto "Antón Losada Diéguez" a solicitude de colocar uns contedores de plástico e papel no seu entorno, para facilitar aos rapaces o traballo de reciclaxe. En segundo lugar, traslada a necesidade de reparar o proxector da Sala de Exposicións de ABANCA. En terceiro lugar, di que é necesario reparar os aparcadoiros da Casa das Letras e o de Correos. Continúa dicindo que o pasado lúns houbo un problema ca auga quente nos vestiarios do novo campo de fútbol, polo que solicita a reparación da caldeira.

Resposta o **Sr. Alcalde** que o pasado martes estivo no campo de fútbol o equipo de mantemento para a posta a punto a caldeira, xa que esta apagábase por motivos de economización o que provocaba que estivera apagada, advertíndose aos equipos que, unha hora antes, a encenderan; por esta razón, cando non se encendía con tempo de antelación a auga saía fría. E con respecto a ese lúns, a persoa que a encendeu excedouse un pouco e a temperatura saía moi quente. Polo que non se trataba de que a caldeira estivera estropeada, tan só que estaba mal regulada.

Interrompe o **Sr. Magariños** para trasladar as queixas sobre o estado lamentable da limpeza do novo campo de fútbol, polo que roga que se mellore.

(NESTE MOMENTO ABANDONA Á SESIÓN O CONCELLEIRO D. XOSÉ MAGARIÑOS POR MOTIVOS DE SAÚDE).

Intervén a voceira de PSdeG-PSOE, **Sra. Belén Louzao**, dicindo, con respecto aos aparcadoiros da Casa das Letras e preto de Correos, que é consciente de que se tratan de terreos de titularidade particular, sen embargo o Concello pode facer tarefas de acondicionamento, polo que entende que estes traballos deberían facerse con certa asiduidade. Polo que pide á posta a punta dos terreos destes aparcadoiros.

Tamén plantexa outro rogo, consistente nas reparacións de diversos camiños e estradas nas parroquias estradenses, xa que son varias as queixas que lles chegan por parte dos veciños do rural sobre a existencia de buratos nas súas carreteiras; ante iso solicita que se poñan a disposición dos veciños os traballadores do Concello para solucionar estes problemas.

Continúa a Sra. Louzao transmitindo o malestar dos veciños da parroquia de Moreira por non haberse feito o paso de peóns que tanto solicitaron para mellorar a seguridade vial da estrada que pasa pola súa parroquia, e que se puido haber financiado coa Deputación Provincial. Manifesta que os veciños non entenden o por que non se solicitou dito paso de peóns cando existía unha posible financiación do 100% e se lles prometera e, ao final, non se fixo. Ante o anterior, solicita unha maior dilixencia á hora de solicitar este paso de peóns e que o goberno lles dea unha explicación aos veciños.

Resposta o **Sr. Alcalde** que, con respecto ao tema dos aparcadoiros e dos bacheos nas parroquias, a situación climatolóxica está sendo un impedimento para os seus arranxos, polo que a partires do mes de marzo, contando co Plan de Emprego da Deputación, se completaría a brigada e se comezará a traballar nos bacheos dos camiños e, con respecto aos aparcadoiros do caso urbán, se repararán esta primaveira para que aguanten ata outono.

Contesta a **Sra. Louzao** dicindo que coincide en que os traballos se teñan que facer na primaveira para que duren máis, pero pide que non se demoren moito os traballos xa que están en un estado deplorable.

Toma a palabra a Concelleira de MÓVETE, **Sra. Mar Blanco**, para facer tres preguntas. En primeiro lugar di que na acta da Xunta de Goberno Local do 8 de febreiro último se aproba un gasto por importe de 2.500 euros para a adquisición de tecido para o Teatro Principal, polo que lle gustaría saber que destino ten ese tecido sobre todo tendo en conta a cantidade importante de diñeiro que se acaba de invertir no Teatro.

En segundo lugar, pregunta acerca se se ten pensado contratar en curto prazo un auxiliar de biblioteca para axudar na clasificación e ordenación dos fondos.

Por último, pregunta se sabe algo sobre o pagamento do IBI para galpóns e naves no Concello da Estrada.

Contesta o **Sr. Alcalde** que, con respecto ao tema do Teatro Principal, que se lle contestará por escrito a causa de descoñecemento, sen embargo supón que non terá nada que ver coa reforma realizada.

Con respecto ao tema do IBI, existe unha contestación por parte do Catastro sobre que se está facendo unha actualización dos bens que ata agora estaban exentos, sobre todo instalación agropecuarias, pero se está a traballar co ORAL e o catastro para saber cal vai a ser a repercusión real desa modificación e da forma que dende o Concello se pode chegar a buscarlle solucións. Para unha maior aclaración outorga a palabra ao Concelleiro D. Alberto Blanco.

Intervén o Concelleiro **D. Alberto Blanco** para explicar que todo ben dunha modificación catastral que establece que todo tipo de edificación gandeira ou outra ten que tributar ao IBI, o que ten efectos a partires dunha revisión catastral; na Estrada dita revisión foi no 2012, ano no que aínda non estaba en vigor esta nova modificación, polo que non vai a influír nas edificación gandeiras.

Interrompe o **Sr. Alcalde** aclarando que hai dúas vías polas que se fan as actualizacións catastrais, a Estrada foi obxecto da revisión castral no 2012, na que se detectaron máis de 1.200 inmobles modificados ou novas construcións que non estaban rexistrados no ORAL, o que orixinou as altas nos anos seguintes, estando xa incluídos no Padrón vixente. Sen embargo, dice que se está a acometer unha actualización por parte do ORAL e de Catrasto por causas recadatarias; porque as actualizacións fánse cada 5 anos, polo que A Estrada non está dentro dese obxectivo prioritario. Con motivo de todo o anterior, o Sr. Alcalde manifesta que hai que traballar para a búsqueda de alternativas para cando entre en vigor para o que impacta sexa o menor posible e non supoña unha estocada para noso rural.

Continúa, respostando á pregunta da Sra. Mar Blanco con respecto á Biblioteca, recordando que nesta sesión se aprobada os sectores prioritarios, sendo un deles a Biblioteca. Pero aclara que se acaba de contratar, con cargo ao Plan da Deputación, unha persoa de apoio para a Biblioteca. Na actualidade existe unha extraordinaria instalación para a ubicación da Biblioteca, pero tamén se

xubilaron varios funcionarios, sobre todo a maioría dos conserxes, entre eles o da Biblioteca, así que dende o goberno se está a facer o que se pode.

A Continuación, non habendo máis intervención polos membros do Pleno, o Sr Alcalde pregunta, con arraxo ao Regulamento de Participación Cidadá, se algúen do público ten algunha pregunta ou rogo, previa identificación co DNI.

Concédese a palabra a **D. José María Vázquez Caramés (DNI 35257358Z)**, quen fai unha petición: O fillo dunha veciña da Estrada queimouse en Caracas, con queimaduras de 2º e 3º grado e, debido á situación en Venezuela, a súa atención hospitalaria é precaria, tendo que levar eles mesmos o colchón, as sabas, vendas, cremas, etc.. Ante iso solicita a colaboración para mandarlle axuda, de feito se entrega á corporación un folleto acompañado do informe médico e coa dirección particular do enfermo para o envío desta axuda, pois se se manda directamente ao hospital, o máis probable é que non chegue ao interesado.

O **Sr. Alcalde** remata o turno de intervencións contestando ao Sr. Vázquez Caramés que se fará o posible para facer chegar a axuda necesaria a esta persoa.

\*\*\*\*\*

Non habendo intervencións por parte dos Concelleiros, levántase a sesión ás vintedúas horas dezasete minutos.

A Estrada, 3 de marzo de 2016  
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso